


# Planeta Lingua

FERROL  
XANEIRO DE 2002

I.E.S. S. CASANOVA

Nº 3



## VOLTA AO COMEZO

**M**oitos de nós, alumnos e alumnas deste Instituto, acudimos de mala gana ás oito e media da mañá, coa mochila medio valeira ou ás veces cunha simple carpeta e algúns folios, para coller algunha anotación (producto dalgunha inspiración divina). E seguimos o horario escolar programado ao modo de moitos adolescentes deste país: falto á primeira clase porque quero durmir un pouco máis, á segunda xa non vou porque logo temos recreo, así que non aparezo ata a terceira e ¿para que vou levar libros se á cuarta hora marcho porque teño que ir facer unhas compras para ampliar o meu armario con eses pantalóns de tal marca e aqueloutra preciosísima camiseta?



Moitas veces penso: ¿é esta a xuventude que vai manexar o noso país dentro dun par de anos?, ¿é esta a xente que vai elixir o novo presidente do goberno?, unha mocidade que do único que se preocupa é de estudar a roupa

(Continúa na páxina 2)



## NIN A PAUS

Contan os vellos en tempo e en historias vividas, os que teñen a cara chea de vivencias encriptadas en cada suco que, sixeloso, escarva a súa pel, os que observan amedrentados o mundo como un miope que non comprende que está a pasar e que, apesarado, se decata de que xa é demasiado tarde para



tentar comezar a comprendelo. Contan en baixiño e case ás escuras, que o mundo que os rodea xa non ten a mesma

(Continúa na páxina 3)

## EDITORIAL

### ¿CRISE?..... ¿QUE CRISE?

Nos tempos que andamos, e para poder entender algo tan elemental como que **a guerra é a acción terrorista máis terrorífica que os humanos poden perpetrar**, será ben que deixemos falar a unha das cabezas pensantes máis esclarecidas que temos no planeta: **EDUARDO GALEANO**, escritor uruguaio e defensor inalienábel dos dereitos básicos das persoas e dos pobos.

C.

### SÍMBOLOS

**Negocio.** "Esta guerra será longa", anunciou o presidente do planeta. Mala noticia para os civís que están morrendo e morrerán, excelente noticia para os fabricantes de armas.

Non importa que as guerras sexan eficaces. O que importa é que sexan lucrativas. Desde o 11 de setembro, as accións de *General Dynamics, Lockheed, Northrop Grumman, Raythe-*

(Continúa na páxina 2)

(Vén da páxina 1)

on e outras empresas da industria bélica subiron en liña recta en Wall Street. A bolsa ámaas. Como xa ocorreu durante os bombardeos sobre Iraq e Iugoslavia, a televisión rara vez mostra as vítimas: está ocupada exhibindo a pasarela dos novos modelos de armas. Na era do mercado a guerra non é unha traxedia, senón unha feira internacional. Os fabricantes de armas necesitan guerras, como os fabricantes de abrigos necesitan invernos.

**Hollywood.** A realidade imita o cinema: necesarios os secuestros, as torturas, os asasinatos e as desaparicións. El ten experiencia, e ofrece a súa man de obra.

O coronel di que escoitou os discursos do presidente Bush, e que así será a terceira guerra mundial que está a anunciar. Lamentablemente, escoltou ben.

**Antecedentes.** Como o coronel, tamén o embaixador ten experiencia. John Negroponte, representante estadounidense nas Nacións Unidas, ameaza con levar a guerra "a outros países", e sabe do que fala. Hai uns anos, el levou a guerra a América Central. Negroponte foi o padriño do terrorismo dos contras en Nicaragua e dos paramilitares en Honduras. Reagan, o daquela presidente, dicía o mesmo que agora din o presidente Bush e o seu inimigo Ben Laden: todo vale.

**Víctimas.** Esta nova guerra, ¿faise contra a dictadura talibán ou contra o pobo que a padece? ¿Cantos civís asasinarán os bombardeos?

Catro afgáns, que traballaban para as Nacións Unidas, foron os primeiros "danos colaterais" dos que se tivo noticia. Todo un símbolo: eles dedicábanse a desenterrar minas.

Afganistán é o país mais minado do mundo. Baixo o seu chan hai dez millóns de minas listas para



Pícaros afgáns mortos nos bombardeos americanos sobre Kabul.


matar ou mutilar a quen as pise. Moitas foron plantadas polos rusos, cando a invasión, e moitas foron plantadas, contra os rusos, por doazón do goberno de Estados Unidos aos guerreiros de Alá. Afganistán nunca aceptou o acordo internacional que prohibe as minas antipersoais. Estados Unidos, tampouco. E agora as caravanas dos fuxitivos tentan escapar, a pé ou en burro, dos mísiles que choven desde o ceo e das minas que estoupan desde a terra.

**Esgazaduras.** Rigoberta Menchú, filla do pobo maia, que é un pobo de teceláns, advirte que estamos "coa esperanza nun fío".

E así é. Nun fío. No manicomio global, entre un señor que se cre Mahomet e outro señor que se cre Buffalo Bill, entre o terrorismo dos atentados e o terrorismo da guerra, a violencia estanos a destecer.

**Eduardo Galeano**

Outubro de 2001



(Vén da páxina 1)

que leva unha persoa, ou se o cativo co que se atopan todos os días entre cambio e cambio de clase (cando van) ten mechadas no pelo ou é loiro de verdade, ou en que lugar da cidade farán o *botellón* esta vindeira fin de semana. Esta é a descrición dunha sociedade mangante á que lle custa cargar cun par de libros ao día. Pido desculpas ao alumnado que se vexa ofendido por este artigo, pero esta non é a sociedade que quero. Pensemos e miremos para os países do terceiro mundo, ou aos mesmos talibáns que están na boca de todos. Calquera persoa destes países cambiaría encantado o seu posto; ou sexa que se hai algún interesado que avise. Pero pensade, queridos alumnos e alumnas deste instituto, ¿seremos tan lan-gráns que non queremos ter un bo futuro?

**Elena Delgado Vigo**

# IMPERSOAL



Vendo unhas vellas fotos en branco e negro descubrí unha imaxe enmarcada en cartolina branca que puña en letras vermellas: “Recordo escolar”. Alí estaban, perfectamente ordenadas por altura, unhas meniñas con uniforme; todas vestidas do



mesmo xeito, coas camisiñas brancas e saias a cadros. Parei a pensar o aburrido e impersoal que debía ser para elas ir así á escola; caín na conta de que agora, esteamos ou non obrigados a vestir coma se fosemos fotocopias, tamén se fai. Polos corredores dos institutos vese á xente cos mesmos pantalóns, xerseis ou botas pero en diferente cor; todos son da mesma feitura e forma, cambiando os tons dos tecidos cada tempada. Non sei, ao mellor é que hai medo a ter unha identidade propia, personalidade, pode ser simple comodidade ante o esforzo que supón ser orixinal ou o temor ao que dirán; pero iso está nas mans de cada un xa que se supón que cada quen vai vestido ao seu gusto.

Sara Madrigal

(Vén da páxina 1)

música, que a terra xa non canta o que unha vez cantou. Contan que teñen medo, porque o seu propio sangue lles fala coa mesma voz coa que unha vez lles falou o que apertou o seu xugo, o que secou os seus campos, o que os deixou morrer de fame impávido, silencioso, consciente, testemuña presente xamais culpada e, polo tanto, xamais condenada por feitos polos que ninguén pagou pero polos que moitos morreron resignados. Sen ruído. O mesmo que lles quitou todo menos a súa *fala melosiña que tan celestiais harmonías ten*.


Contan que o que ninguén lles foi capaz de arrebatarse daquela morre agora con eles, case última xeración dunha historia que nin as guerras, nin as fames, nin as

penurias nin as viaxes ao outro lado do mar lles fixo desaparecer.

Os vellos non berran, porque o tempo lles quitou a voz e a fame as forzas, e xa nin tan sequera agardan que ninguén berre por eles, pero quizais sen que ninguén o aperciba

nós seremos capaces de loitar cando eles marchen, coa mesma voz coa que nos cantaron de nenos. Sei que seremos nós, árbores a medio medrar do noso tempo, os que salvaremos unha lingua que, nin a paus, quere morrer.

Eva Recamán Graña



## S O DRAGÓN DOS TESOUROS

Segundo conta unha lenda chinesa, nunha inmensa cova vivía un dragón que tiña no seu bandullo moitos tesouros. Por todas partes había carteis pegados cun texto que dicía: *Quen sexa capaz de coller os tesouros da barriga do dragón recibirá 100.000 yuans e a cuarta parte das riquezas que custodia. Inscricións no Palacio de Aventuras.* Asinado O Emperador.

Así que pasou media hora xa había catro mil persoas apuntadas, que foron aumentando a cada minuto ata chegar ás oito mil inscricións.

No camiño cara á gruta viñeron as primeiras mortes da man do Sol e da calor abafante que este desprendía.

Morreron máis de dúas mil persoas, cincocentas mulle- res e uns mil cincocentos homes.

Os demais seguiron no camiño á procura da cova, pero cada vez ían quedando menos entres os que morrían e os que se rendían e volvían ás súas casas. Así foi que ao final do camiño só quedaban mil.

Chegaron ata o dragón dos tesouros e matárono con todo tipo de armas das que había naquela

época: catapultas, pedras, canóns, etc.. Homes e mulle- res abríronlle a barriga con grandes esforzos e viron que en vez de órganos tiña tesouros. De inmediato sacaron todas as riquezas e leváronas ao palacio do Empera- dor, pero en vez de darllas fixeron unha tumba onde enterraron xoias, cartos e tesouros en honra ás persoas que morreran.

Dende aquela dise que o lugar é sagrado e construíron unha pirámide co nome dos mortos e o dos sobreviventes.



**Adrián Penabad Alonso**

## H O HOME LOBO

Hai xa moitos anos un pai e o seu fillo vivían no monte, un pouco afastados da vila. Naquelas terras había moitas festas e o fillo, que era festeiro de máis, non se perdía unha. O malo era que ao pai non lle gustaba tanta troula e só quería traballar e que o seu fillo traballara con el.

Cando foi a festa anual do Patrón o mozo díxolle ao pai que marchaba de esmorga á vila. O pai, moi enfadado, contestoulle que non o deixaba saír e que fora laborar ao monte con el. O fillo retrucou que, coma

todos os anos, celebraría o Patrón. O pai, moi revolucionado, contestou: *Se te vas, oxalá desaparezas e te convertas en lobo.*


O rapaz non lle fixo caso

e marchou. Ao día seguinte, cando o pai foi erguelo da cama viu que non estaba. Moi nervioso pensou na maldición que lle botara e axiña se vestiu e foi cabo dunha meiga para preguntarlle se o seu fillo se convertera realmente en lobishome. A meiga asentiu e contoulle como había de facer para desenmeigalo: tería que lle cravar un coitelo no lombo.

Correndo para a súa facenda colleu unha ovella e levouna ao mont, atouna nunha árbore e agachado esperou. Cando se fixo noite apareceu o homelobo e saltou sobre a ovella, momento que aproveitou o pai para abalanzarse sobre el e espetarlle o coitelo no lombo. O lobishome tombouse, cinco minutos despois levantouse e brillando foille desaparecendo a pelaxe do corpo.

—¡É outra vez humano!! —berraba o pai. E os dous, moi felices, seguiron traballando e indo tamén ás festas.

**David Pita Rodríguez**



**H**ai moito tempo vivía na India un poderoso

## O SOMBREIRO MÁXICO

caendo na trampa, contestou —*Atópase no mar, aínda que estas lonxe por el vas navegar.*

mercador chamado Al Halaf. Un día visitouno un amigo seu e comentoulle que atopara un sombreiro máxico. Al Halaf, con moita curiosidade, pediulle que llo ensinara. O seu amigo sacou un vello



chapeo e díxolle: —É moi fácil de usar. Tes que poñelo na cabeza, dicir as palabras máxicas e pedir un desexo.

Al Halaf tivo en-  
vexa e matinou en  
como podería facer para que o sombreiro fose seu.

Ao día seguinte díxolle

—¿Cales son as palabras máxicas? —e o outro,

Al Halaf arrebatoulle o chapeo, pronunciou as palabras máxicas e pediu ao sombreiro que transformase ao seu amigo nun chisco de sal. Así foi e Al Halaf converteuse na persoa máis rica do planeta. Todo o que quería pedíallo ao chapeo e vivía feliz e sen preocupacións.

Un día argallou unha festa a bordo do seu barco, nas augas do mar Negro. Na metade da cea quixo demostrar os poderes do sombreiro e pediulle sal para a comida. O chapeo comezou a botar sal, pero non paraba. Al Halaf estaba abraiado, ¡nunca tal cousa lle pasara! O barco afundiou con toda a xente a bordo. Era a vinganza do sombreiro polo que lle pasara ao seu anterior dono. Tamén din que é a razón pola que no mar Negro hai tanto sal.

**María Yáñez López**

## CHOQUEIRADAS DE ACÓ E ALÓ

### ► Das Torres Esborralladas

*Están a xogar unha partida de xadrez o campión ianqui contra o campión talibán, ¿quen gañará?*

-Ha gañar o talibán pois ao gringo fáltalle as torres.....

*¿Sabedes en que se parece unha lasaña ás Torres Xemelgas?:*

-Pois en que tanto unha como as outras están formadas por unha capa de masa e outra de carne picada, unha de masa e outra de carne picada.....



*¿Sabedes cal é o equipo de fútbol favorito dos talibáns?*

-Pois o R. Madrid, por aquilo dun tal Iván Campo e un tal Iván Helguera.....

*¿Sabedes de que xeito os nenos e nenas estadounidenses amedoñan aos pícaros e pícaras afgáns?*

-Berrándolles ¡bush!, ¡bush!, ¡bush!.....

### ► De Chineses

*¿Como se chama o chinés máis cocho?*

-Chin champú.

*¿Como se chama o chinés que máis corre?*

-Chiiuuuuunn.....

### ► De Cinema

*Sube o pano do escenario e aparecen un bochudo e un fraco. Baixa o pano. Volve subir o pano e só vemos ao bochudo. ¿Adiviñas o título da película?*


-O que o vento levou e o que non puido deixou.

**Pablo Ortega Blanco**

**Pablo Carral Pérez**

# ¿Telefono vermello? Voamos cara a Nova York

Día once de setembro. O país máis prepotente da Terra prepárase para seguir un outro día afogando ao resto da humanidade. Cando de súpeto, nuns minutos, todo é caos no país máis poderoso do mundo. Ante un golpe tan humillante, EE.UU. busca un culpable: Ben Laden. Dende aquela, sae día tras día na TV ese proxecto de venres 13 andante "legal" chamado Bush alias *Bushito* que, nos seus vellos tempos, se



dedicaba a matar negros, hispanos e atrasados a base de descargas eléctricas. Parece ser que coma o *Presi* quedou sen *diversión*, decide escoller un país paupérrimo, pero iso si, cun enorme número de recursos xeolóxicos sen explotar, para non ter que aburrirse. A escusa é a de dar acubillo ao causante dos seus males, unha persoa que parece carapuchiña vermella en comparación co *Bushito*... ben, ao gran, resulta que despois de soltar catro baballadas sobre o dereito á vida, á liberdade ianqui, ao moito que lle aflixiu o atentado e bla bla bla... decide que o mellor é atacar Afganistán, un país de mortos de fame (ten que ser un país aínda máis pobre que Vietnam porque senón...) alegando cruzada antiterrorista. Comentarios coma este fan dudar ao persoal se será certo que Bush abandonou definitivamente o *drinking*... Cando comezan os

ataques sae Ben Laden falando, e despois de dicir verdades coma puños, é censurado polos ianquis. Logo de meses bombardeando o deserto, tirar comida trampa (embalada en paquetiños amarelos da mesma cor cás bombas de fragmentación que explotan cando alguén se acerca) e mesmo ter enviado as súas tropas de elite a facer o ridículo, danse conta de que só poderán gañar coa axuda dos *mataos* da Alianza do Norte. Así, nuns días conquistan o país, máis a punta de *kalashnikov* que a base dos *M-16*. Agora USA prepara o goberno marioneta do país, que será a administración da nova colonia ianqui. Isto dálle dobre beneficio: económico polos recursos naturais do país e político pois queda moi ben coa opinión internacional. Cada cincuenta anos ocorre o mesmo: EE.UU. recibe unha grande humillación, EE.UU. víngase e EE.UU. consegue enriquecerse máis. Se non me credes, lembre que xa houbo un Maine e un Pearl Harbour, e agora aparecen as Torres Xemelgas. Este humilde escribán vaixe. Unha bomba, dentro da súa marxe de erro colateral, vai caer na súa casa.

Decembro de 2001.

**Severino Portela Trastoy**

# ESTA ADIVIÑA NON É MIÑA MAIS HEINA DEPRENDER AXIÑA



A primeira é moi doada,



Dous buraquiños  
ten o pauciño;  
uns téñeno largo  
e outros chato.



contigo esta ten que ver,




Neste momento  
por curiosidade  
lendo adiviñas  
está quen xa sabes.



(Continúa na páxina 9)

(Continúa na páxina 9)

## encrucigado



### HORIZONTAIS:

1. Persoa que usa mellor a man esquerda que a dereita. 5. Árbore moi alta que produce unha madeira de cor negra. 9. Líquido mesturado con gas e metido a presión nun envase. 11. Confianza moi grande. 13. Pouco rápida. 14. Igrexa episcopal. 15. Vía urbana. 17. Amarre. 18. Que non teñen enfermidade. 19. Ao revés, muller do fillo en relación cos pais deste. 21. Graxa sólida que se obtén dalgúns animais herbívoros. 22. Fala en alto a un público para o convencer de algo. 23. Xunta, agrupa, reúne. 24. Que ten capacidade para facer algo. 26. Gas que envolve a terra. 28. Come pola noite. 29. Ao revés, produce son. 31. Norma que regula cousa. 32. Desprazábase a un lugar. 33. Aros de metal que se poñen nos dedos como adubío. 35. Desprazábase ata o sitio. 36. Que non teñen nin principio nin fin. 38. Fenda feita na roupa para meter por ela os botóns. 39. Froito da oliveira.

### VERTICAIS:

1. Obxecto de ferro que serve para traballar os metais. 2. Deus exipcio. 3. Da súa propiedade. 4. Substancia mineral granulosa que se acumula nas praias. 5. Demostrativo que expresa proximidade a respecto de quen fala. 6. Serpente de grande tamaño. 7. Ao revés, nota musical. 8. Moi gordo. 10. O día anterior a hoxe. 12. Propia de Europa. 14. Terei coñecemento ou noticia. 16. Arteria que leva o sangue desde o lado esquerdo do corazón. 18. Propio das persoas vellas. 20. Embarcación grande. 21. Que lle pertence. 24. Substancia aceda. 25. Triturar cos dentes. 27. Especie de angula. 29. Pequeno aro que se pon nos dedos. 30. Instrumento de bronce que por medio dun badalo produce son. 33. Amarra. 34. A estrela mais próxima á Terra. 36. Pronome de terceira persoa. 37. Adverbio de afirmación.

**Darío Caneiro**



# SOPAS DE LETRAS


Pablo Ortega Blanco

C	F	E	R	N	A	N	D	O	A	L	V	A	R	E	Z
G	R	Z	F	A	D	Q	Z	R	R	F	K	L	X	Z	A
L	A	X	G	R	S	W	A	S	E	O	A	N	E	X	S
E	N	C	H	R	A	E	Q	B	N	V	I	O	L	D	E
S	C	A	L	E	R	O	W	E	A	B	U	P	B	F	O
I	O	V	Q	U	P	R	S	D	L	G	M	Ñ	R	R	L
A	Ñ	B	K	G	Z	E	R	E	P	O	R	A	N	E	J
S	M	N	L	U	I	A	I	B	U	R	E	S	O	X	R

Á PROCURA DE OITO ILUSTRES FERROLÁNS E UN DICTADOR

M	E	S	T	R	E	Z	X	C	V	B	N	M	Ñ	L	I
O	V	I	T	A	R	T	S	I	N	I	M	D	A	K	N
O	T	O	L	I	P	R	F	V	C	D	Q	R	E	H	V
K	M	Ñ	C	A	M	A	R	E	I	R	A	T	W	G	E
I	P	E	R	I	O	D	I	S	T	A	Z	U	A	F	N
O	U	V	E	N	D	E	D	O	R	E	A	I	R	D	T
L	N	H	O	B	R	E	I	R	O	W	Q	O	U	S	O
P	B	O	C	I	S	U	M	T	G	S	X	P	C	A	R

Á PROCURA DE DEZ PROFESIÓNS




*Ollo por ollo....e o mundo  
quedaré cego!!*

**Mohandas Karamchad**

**GANDHI**

[Porbandar, 2/10/1869 - Nova Delhi 30/1/1948]





## CONSUMISMO A ESGALLA, ¿UN MUNDO FELIZ?



Vivimos nunha sociedade consumista, típica de países desenvolvidos coma o noso. A xente compra por comprar, ás veces algo que nunca vai usar, pero o desexo de mercar pode con nós. Mercamos cousas que para nada son necesarias e non apreciamos os valores fundamentais da vida.



A sociedade seica non se pode cambiar,

as cousas apoderáronse de nós e non podemos prescindir de algo que estamos afeitos a ter.

Unha forma de consumismo que se dá en toda parte, e que calquera a pode comprobar, é a da roupa, *vestir a moda* é como se soe chamar. As famosas mallas *Naffta*, os pantalóns *Quicksilver*, as bambas *Reef*... e cantidade de cousas máis das que moita xente non pode privarse. ¿E por que?, xa o sabemos, se non vistes como todos non serás ben recibido. Pero non só coa roupa, o teléfono móbil, o ordenador persoal, as diversas marcas de todo o

que mercamos, etc..

Disque todo o mundo quere cambiar esta sociedade pero ninguén esta disposto a cambiar os seus hábitos. Moita xente pregúntase a si mesmo se se podería vivir con menos pero esa é unha das preguntas que non ten unha resposta única. Depende da persoa e da gana que teña de cambiar a súa vida. Se seguimos a ser consumistas e queremos que se desprece a todo e a todos os que non sexan iguais a nós, o futuro pode ir a peor e a sociedade que vivirán os nosos fillos e netos estará chea de desprezos e enganos.

Vivir con menos, como todo, ten as súas vantaxes e inconvenientes. Algunhas das vantaxes máis claras serían gastar menos diñeiro, apreciar máis os valores fundamentais da vida e sobre todo un futuro mellor. Pero os inconvenientes tamén serían moitos, case ninguén se habituaría a vivir con menos e moitas empresas sufrirían unha perda significativa.

Como vedes o consumismo é algo importante no noso país, algo polo que todos deberíamos preocuparnos e ninguén o fai o suficiente como para que poida cambiar algún día, e así os nosos descendentes teñan a posibilidade de darnos as gracias por deixarlles un mundo que tamén se preocupa polo interior e non só polo exterior.

**Zoraida Fernández**

(Vén da páxina 7)

tecer non é unha parvada,



No alto vive,  
no alto mora,  
no alto tece  
a tecedora.



e desta vas contar ben.




O médico e maila filla,  
o estudante e a muller,  
mercaron nove galiñas  
e tocáronlles a tres




# TODO É PEIXE [BUSH + BEN LADEN], QUEN NON O QUEIRA QUE O DEIXE


Irma Díaz Taboada



O 11 de setembro Nova York sufriu un pavoroso atentado. Milleiros de persoas morreron, parece ser que por culpa do multimillonario Osama Ben Laden. Hoxe a súa cabeza ten prezo e búscano por todo Afganistán.



*-Estoume a preguntar se podería pasar un par de días contigo. Todo mundo está moi enfadado comigo e necesito un amigo de verdade. Osama Ben Laden*



Como ninguén entregaba a Ben Laden os americanos iniciaron un bombardeo masivo de Afganistán. ¿Atoparán ao terrorista máis buscado? Xa se verá. ¿Quen gañará a guerra? Aquí a resposta parece máis doada.

(Vén da páxina 11)

[www.susodetoro.com](http://www.susodetoro.com), etc...


<Música: [www.altofalante.net](http://www.altofalante.net), [www.amelga.com](http://www.amelga.com), [www.universidadepopular.com](http://www.universidadepopular.com), [www.fianaroca.com](http://www.fianaroca.com), [www.luarnalubre.com](http://www.luarnalubre.com), [www.go.to/mp3galiza](http://www.go.to/mp3galiza), [www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org), [www.rodriгорomani.com](http://www.rodriгорomani.com), etc...

<Ecopacifismo e movementos alternativos: [www.adega.org](http://www.adega.org) (Asociación para a Defensa

Ecolóxica de Galiza), [www.arrakis.es/~alcrigue/sghn.htm](http://www.arrakis.es/~alcrigue/sghn.htm) (Sociedade Galega de Historia Natural), [www.jet.es/feg](http://www.jet.es/feg) (Federación Ecoloxista Galega), [www.arrakis.es/~morrazo/index.htm](http://www.arrakis.es/~morrazo/index.htm) (Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo), [www.corevia.com/cosal/](http://www.corevia.com/cosal/) (Comités de Solidariedade de Galiza), etc...

Máis nada. Aburiño e ....¡¡vémonos na rede!!

**Alexandro Martínez Lorenzo**



## ENGUEDELLADOS NA REDE



Moi boas rapaces e rapazas, desta vez vouvos falar das páxinas web nas que podedes buscar información, ou ben

pasar un bo tempinho.

De primeiras, e para atopar calquera información que necesitedes, recoméndovos o buscador de *yahoo*, [www.yahoo.es](http://www.yahoo.es), ou ben o de *google*, [www.google.com](http://www.google.com). Se isto non vos convence podedes intentalo con *altavista*, [www.altavista.com](http://www.altavista.com), pero non é tan bo como os anteriores, e outro buscador posíbel e o de *msn*, [www.msn.com](http://www.msn.com).

Para pasar un momento ameno podedes navegar polas páxinas de [www.tonterias.com](http://www.tonterias.com) e riredes con tanta parvada como hai, ou ben nas de [www.alcachondeo.com](http://www.alcachondeo.com) e tamén o pasaredes bomba.

Outro sitio que a min me gusta é [www.elrincondelvago.com](http://www.elrincondelvago.com), onde se poden baixar *chuletas* para os exames sen ningún tipo de problema.

A verdade e que hai tantos portais que se me poño a nomealos non daría acabado, pero, sen ánimo de vos abafar, aí van uns poucos máis e por seccións.

<*Cociña para larpeiros e larpeiras*: [www.iaga.com/obalneario](http://www.iaga.com/obalneario), etc...

<*Comunicación e xornais*: [www.anosaterra.com](http://www.anosaterra.com), [www.crtvg.es](http://www.crtvg.es), [www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org), [www.novafantasia.com](http://www.novafantasia.com), [www.ocorreogalego.com](http://www.ocorreogalego.com), [www.sapo.pt](http://www.sapo.pt), [www.u-lo.com](http://www.u-lo.com), [www.xanela.com](http://www.xanela.com), [www.vieiros.com](http://www.vieiros.com), [www.acontrafio.com](http://www.acontrafio.com), etc...

<*Información xeral de interese para a mocidade*: [www.ferrol-concello.es](http://www.ferrol-concello.es), [www.conxuga.org](http://www.conxuga.org), [www.rix.org](http://www.rix.org), [www.xeracionnosa.com](http://www.xeracionnosa.com), etc...

<*Libros*: [www.andelvirtual.com](http://www.andelvirtual.com), [www.cumio.com](http://www.cumio.com), [www.xerais.es](http://www.xerais.es), [www.editorialgalaxia.es](http://www.editorialgalaxia.es), [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com), [www.laiovento.com](http://www.laiovento.com),

(Vén da páxina 12)

satisfeita con todos. Estaba moi dubitativa con *Dubido se matei a Lena*, pero agora estou contenta pois tivo moi boas críticas. Realmente agrádanme todos eles. Penso que non son medio-cres.

-¿Pensa que as mulleres teñen as mesmas posibilidades que os homes á hora de promover os seus libros?

-Creo que hoxe en día si, se traballas e apostas, aínda que ás veces hai unha exclusión cara ás rapazas novas ou coma min, que agora estamos pisando forte.

-¿Cal é a súa opinión respecto das biografías que se escriben de xente nova famosa ou políticos?

-Pois non sei. No caso dun político supoño que para vender. Imaxino que canto maior é unha per-

soa máis experiencias acumula.

-¿Como cre que poden os colexios e institutos difundir aínda máis a nosa lingua?

-Eu non teño a resposta. Sei da súa dificultade, pero non coñezo ningunha solución. Ademais hai moitos rapaces e rapazas que xa foron ensinados en español.

-Hai algún escritor galego que escribe en castelán, ¿qué opina deste feito?

-Pois que cada quen escriba no que queira, pero para min un escritor galego e aquel que escribe en galego.

-¿Que espera conseguir a cambio da súa contribución literaria?

-Pouca cousa, non espero nada. O momento. Contribuír, facer recapacitar.

**Ariana Ares Dopico**  
**Andrea Pardo Mesías**



# UNHA CONVERSA CON MEDOS ROMERO



**M**edos Romero, escritora en prosa e verso e A.T.S. no Hospital

*Arquitecto Marcide*, concedeunos esta entrevista. Medos expresa nos seus libros unha paixón, sinceridade e intensidade que convidan á lectura. Entre as súas obras destacan: *Rendeome no tempo*, *Ámome en por min*, *O peso da derrota*, *Dubido se matei a Lena*.

-Primeiramente, ¿houbo algún feito que a impulsara a escribir?

-Un feito así illado, non. Empecei a escribir poesía dunha maneira inconsciente, sorprendente e máxica. É coma se eu tivese a intención e co tempo unha serie de feitos e vivencias foran madurando e quedarán reflectidas na es-

critura. O que me impulsou a escribir non foi ler libros senón a literatura oral, o feito de escoitar aos meus pais, aos meus avós e á xente da aldea. E ademais eu son unha persoa de moito sentir, que sufro as cousas moi profundamente.

-Sabemos que vostede escribiu libros en prosa e en verso, ¿ten algunha preferencia cara a algún deles?

-Non teño preferencia ningunha, pero en principio considérome poeta. A narración aínda é para min como unha tentativa, un inicio. Síntome máis segura escribindo poesía. Son moi diferentes, pero hai cousas que coa poesía non podo expresar, como falar de moitas temáticas da muller, e por iso tiven que recorrer á narrativa.

-A paixón e a sinceridade que expresa nos seus libros é sublime. ¿Como consegue tanta intensidade?

-É unha das cousas máis destacables do que fago. Penso que a forza, a vitalidade e a enerxía que teño como persoa, e a claridade na palabra, son as bases da intensidade que expreso nos meus libros. Imaxino que escribo tal e como son, moi transgresora e atrevida, utilizo palabras da sexualidade que outras mulleres non escribirían, gústame abordalas; e tamén asuntos sociais coma o aborto ou a homosexualidade.

-Dos libros que leva escrito, ¿cal lle causou máis satisfacción?

-Todos eles me produciron a mesma sensación. Cada vez que escribo un traballo, síntome tan ilusionada coma co primeiro. Estou

*(Continúa na páxina 11)*

